

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº7/2015 (MANDATO 2015-2019), EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 15 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES

Presidenta

DUARTE GERPE, Florinda (PP)

(Sra. 1ª Tenente de Alcalde, por ausencia do Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP), segundo decreto 539/2015, do 15 de decembro de 2015)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso

RAMILO VARELA, Margarita

BARBEITO REY, Carlos

MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo

CETINA MOCHALES, Jesús Javier

BLANCO FIDALGO, Patricia

RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTE

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis

HORA DE INICIO: 12:09

HORA DE REMATE: 13:34

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:09 horas do 15 de decembro de 2015, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 11 de decembro de 2015, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno (no que se facultou á Alcaldía "(...) para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia", e tendo en conta os prazos de presentación de solicitudes para o PAS 2015 e o POS 2016, e que os correspondentes expedientes non estaban ultimados para poder aprobalos na data prevista para a correspondente sesión ordinaria- 26 de novembro de 2015), reúnense na sesión 7/2015, de carácter extraordinario, mais co contido dunha sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación das actas das cinco sesións anteriores (nº 2/2015, extraordinaria organizativa do 9 de xullo de 2015; nº 3/2015, ordinaria, do 30 de xullo de 2015; nº 4/2015, extraordinaria e urxente, do 6 de setembro de 2015; nº 5/2015, ordinaria, do 24 de setembro de 2015, e nº 6/2015, extraordinaria, do 23 de novembro de 2015).
- 2.-Proposta de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.-Proposta de participación do Concello de Carral no Plan de acción social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
- 4.-Proposta de fixación das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi do Concello de Carral.
- 5.-Proposta de acordo provisorio para a aprobación de ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos dno solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, e para a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 6.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 7.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 8.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN


A señora 1ª Tenente de Alcalde, Dª Florinda Duarte Gerpe, explica que vai ser ella quen presida a sesión, pola ausencia do señor Alcalde, quen está citado ás 11: 30 coma testemuña nun xuízo na Coruña que non podía eludir. Así, dá conta do decreto 539/2015, do 15 de decembro, como segue:

"DECRETO DA ALCALDÍA 539/2015

Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1ª Tenente de Alcalde por ausencia (15 de decembro de 2015)

Debendo ausentarme do meu posto por estar citado para comparecer perante o Xulgado de Primeira Instancia nº 9 da Coruña o 15 de decembro de 2015 ás 11:30, en xuízo verbal 794/2015 sobre Ley de Propiedade Horizontal (Demandante : Entidade de conservación do Polígono dos Capelos; demandado: mercantil Ordari, S.L.), segundo o establecido nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

RESOLVO

Que me substitúa na presidencia da sesión plenaria extraordinaria convocada para o 15 de decembro de 2015, a partires das 12 horas, a Señora Primeira Tenente de Alcalde, D^a Florinda Duarte Gerpe."

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS CINCO SESIÓNS ANTERIORES (Nº 2/2015, EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA , DO 9 DE XULLO DE 2015; Nº 3/2015, ORDINARIA, DO 30 DE XULLO DE 2015; Nº 4/2015, EXTRAORDINARIA E URXENTE, DO 6 DE SETEMBRO DE 2015; Nº 5/2015, ORDINARIA, DO 24 DE SETEMBRO DE 2015, E Nº 6/2015, EXTRAORDINARIA, DO 23 DE NOVEMBRO DE 2015).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) a señora presidenta da sesión pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións 2/2015, extraordinaria organizativa, do 9 de xullo de 2015; 3/2015, ordinaria, do 30 de xullo de 2015; 4/2015, extraordinaria e urxente, do 6 de setembro de 2015; 5/2015, ordinaria, do 24 de setembro de 2015; e 6/2015, extraordinaria, do 23 de novembro de 2015.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que todas estas actas se entregaron con pouco tempo, e que espera que as seguintes se entreguen con máis tempo para lelas.

Ao non realizarse máis observacións, a señora presidenta da sesión somete a votación a acta, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

2.-PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 7 de decembro de 2015, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 8 de outubro de 2015 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, que foron publicadas no BOP nº 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver que, mediante unha circular do 8 de outubro de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 9 de outubro de 2015, nº 2.500), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 188.239,28 euros.

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS 2016, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "Memoria do POS 2015" elaborada con data do 4 de decembro de 2015 para o Concello polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

Logo de ver os proxectos das seguintes obras:

1).-"Proxecto de mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", redactado en outubro de 2015 polo arquitecto técnico D. Miguel Ángel Pérez Marquina (colexiado VR1079 do COATIE de Pontevedra).

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello con data do 4 de decembro de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

I. Autorizacións.

Tal e como indica o artigo 198 da LOUG as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do plan en vigor. Non precisa mais autorizacións sectoriais.

II. Supervisión técnica.

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

III. Obra completa.

A Mellora de vías e da seguridade das mesmas dentro do parque empresarial de Os Capelos se considera como unha obra completa, sendo susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido o 4 de decembro de 2015 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

2).-"Mejora de la carretera municipal Abrigosa-Fonte Moura. Ayuntamiento de Carral", redactado en decembro de 2015 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapido Rodríguez (colexiado nº 19.697).

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello con data do 4 de decembro de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

I. Autorizacións.

Tal e como indica o artigo 198 da LOUG as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do plan en vigor. Non precisa mais autorizacións sectoriais.

II. Supervisión técnica.

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

III. Obra completa.

A Mellora da estrada municipal Abrigosa a Fontemoura se considera como unha obra completa, sendo susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido o 4 de decembro de 2015 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

3).-"Mejora de carretera municipal en Bulleira. Ayuntamiento de Carral", redactado en decembro de 2015 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapido Rodríguez (colexiado nº 19.697).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello con data do 4 de decembro de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

I. Autorizacións.

Tal e como indica o artigo 198 da LOUG as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do plan en vigor. Precisa autorización da Deputación de A Coruña, xa que está en zona de afección da Estrada DP 1704 Cambre Carral. A solicitude de autorización se realizou o día 4 de decembro. Xuntase copia da solicitude.

II. Supervisión técnica.

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

III. Obra completa.

A Mellora da estrada municipal en Bulleira se considera como unha obra completa, sendo susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

".

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido o 4 de decembro de 2015 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver o informe emitido pola Interventora do Concello o 3 de decembro de 2015, relativo á previsión de gastos correntes do Concello para 2016 total e directamente asociados ao funcionamento dos seus servizos públicos mínimos obrigatorios en función da súa poboación.

Á vista da devandita documentación e segundo a base 5ª das que regulan o POS 2016, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:


Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de vias e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos	77.258,77 €	0,00 €	77.258,77 €
Mellora da estrada municipal Abrigosa-Fonte Moura	32.633,93 €	0,00 €	32.633,93 €
Mellora de estrada municipal en Bulleira	32.899,44 €	0,00 €	32.899,44 €
SUBTOTAL OBRAS	142.792,14 €	0,00 €	142.792,14 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.447,14 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	45.447,14 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	142.792,14 €	0,00 €	142.792,14 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.447,14 €	0,00 €	45.447,14 €
TOTAL	188.239,28 €	0,00 €	188.239,28 €

2.- Aprobado o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTAIS	0,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios).

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 11 de decembro de 2015 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.

DEBATE

A señora presidenta da sesión, a 1ª Tenente de Alcalde Dª Florinda Duarte Gerpe explica que na comisión informativa xa se espuxeron as obras que se propoñen (reiterando que existe un erro material na que figura coma estrada de "Bulleira", que en realidade é "Bulleiros"), así coma a parte do plan que se propón destinar a gasto corrente.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) manifesta que entende que hai que arranxar algunhas estradas, mais que non está moi a favor das obras de asfaltado. En canto á obra que se propón no polígono, idica que, aínda que o Concello se teña que facer cargo das reparacións e





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

mantemento incluídos no convenio asinado en tempos de Vales, na súa opinión se podería renovar tal convenio e ceder á comunidade do polígono a facultade de reparar os viciis, como se fai noutros polígonos, aínda que coida que a situación deste non é moi boiante e non ten moito éxito, pois existen moitos soares baleiros.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que hai outras prioridades máis importantes có asfalto e, por outra banda, na súa opinión estas obras xeran máis problemas que beneficios (non sabe se por falla de control da dirección de obra e da concellaría), coma por exemplo na estrada da Cabra, na que se deixou un escalón lateral "brutal", nunha estrada estreita e sen pintar, o que xera un grande perigo para os vehículos ao achegarse á beiravía. Opina que o plan se podería destinar mellor á unha pasarela peonil para cruzar ao IES e, asemade, coida que o feito de que os pasos de peóns da N550 non sexan de competencia municipal non xustifica que non se corrixa o seu mal estado para que se atopen nunhas condicións mínimas de seguridade. Coida que o goberno municipal debería ter máis imaxinación alén do asfalto e engade, en relación aos máis de 70.000€ que se van gastar no polígono, que noutros lugares se fan as cousas ben e se crean unha especie de comunidades de veciños que se encargan do seu mantemento. Indica que, por contra, en Carral teñen que custealo os veciños, como tiveron que facer os pais para desbrozar no campo de fútbol. Así, pide que se cree no polígono unha comunidade que se encargue das obras de arranxo e mantemento, e buscar para os plans outras obras que beneficien a todos, priorizando outras cuestións sobre os asfaltados.

A señora Duarte Gerpe resposta ao señor Bergondo que no polígono están ocupadas a maior parte das parcelas e que o Concello está a traballar para adicar a finalidades industriais a parte calificada inicialmente coma residencial. Indica ao señor Couto que a desfeita da estrada da Cabra era como estaba anteriormente, e reconece que agora ten "cunetas", mais que sempre quedan, pero, por exemplo, a da estrada de Novás á Costa da Égoa está agora chea de follas (o señor Couto López replica que non poden quedar de 40 ou 60 centímetros e que, se hai follas nesas "cunetas" é porque non se limpan). A señora Duarte Gerpe opina que o que non tería sentido sería que non lle botasen á estrada a capa de aglomerado necesaria, e coida que os veciños están contentos co arranxo desas estradas e doutras. Engade que consideran que é necesario arranxar a estrada a Bulleiros, e que propoñen esa obra porque fan o que consideran mellor. Por outra banda, lembra que a oposición sempre se queixou de destinar parte destes plans a gasto corrente, e que pedían destinar ese diñeiro a facer máis asfaltados.

O señor Couto López replica que coida que non o están a entender, que a dirección de obra ten que evitar que a "cuneta" sexa un perigo para a circulación, e que hai máis de 20 centímetros de aglomerado nalgunha curva, de xeito que se alguén se sae da estrada alí, podería demandar ao Concello. Opina que deberían facer ben as cousas e limpar, e non esperar a que se solucionen as cousas soas. Por outra banda, coida que o Concello se ve obrigado a destinar parte do plan a gasto corrente porque é a súa única saída para ir vivindo un día tras outro. Reitera que, na súa opinión, hai outras prioridades máis importantes có asfaltado dunha pista, coma o problema grande do IES, no que catrocentos nenos teñen que subir ao Panteón e baixar para cruzar a estrada en condicións de seguridade.

A señora Duarte Gerpe indica que non quería contestar a cuestións da N550 porque xa se presenta unha moción ao respecto, mai coida que se ve obrigada, para que sirva para despois. Manifesta que entende o que di o señor Couto, mais que a N550 é do Estado, e que o Concello ten que investir en estradas do Concello.

O señor Couto López opina que habería que pedir a cesión da travesía da N550 ao Concello. A señora Duarte Gerpe reitera que a N550 pasa por Carral mais é competencia do Estado e que, en





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

calquera caso, o equipo de goberno está a traballar para acadar que se manteña en boas condicións, e que xa se pediu a Fomento un paso elevado e o pintado da estrada. Engade que ten á súa disposición toda a documentación ao respecto. Explica que o Concello ten competencia na iluminación e que xa está a traballar en melloralas, e que tamén se avisou á Xunta de que o paso de peóns para o colexio Vicente Otero Valcárcel está despintado. En todo caso, pregúntase se acaso a N550 está mellor que en Carral nalgún lugar entre Santiago e A Coruña, e se os concellos de Ordes, Cambre ou Culleredo invisten cartos nela, e explica que non o fan, senón que todos piden ao competente que invista para melloralas.

O señor Couto López manifesta que lle parece increíble escudarse en que a rúa principal de Carral é competencia do Estado, sobre todo cando o custe do arranxo dos pasos de peóns sería ridículo (duns 300 €). Engade que, na súa opinión, a iluminación é penosa, por exemplo en Tabeaio, e que os pasos de peóns non están sinalizados, e pregúntase se tamén hai que pedir ao Ministerio de Fomento que instale sinais iluminadas para tales pasos de peóns. Manifesta que moitos concellos non se escudan en cuestións competenciais e coida que habería que pedir a cesión da travesía unha vez arranxada.

A señora Duarte Gerpe replica que non vai abondar na cuestión e que opina que o señor Couto non ten razón. Explica que se quixo pintar unha media rotonda diante da Taberna SXXI e que Fomento o impediu. Opina que hai que unir forzas e reclamar a Fomento a necesidade das melloras, en lugar de facer cousas que non nos competen e que non nos deixan facer. Indica que a competencia do Concello é pedir que se fagan tales arranxos.

O señor Couto López pregúntase se, no caso de que haxa unha fochanca e o Ministerio diga que non se arranxa, vai quedar así de por vida.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con seis abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos (e corrixindo o erro material existente en canto á denominación de Bulleiros-non Bulleira):

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos	77.258,77 €	0,00 €	77.258,77 €
Mellora da estrada municipal Abrigosa-Fonte Moura	32.633,93 €	0,00 €	32.633,93 €
Mellora de estrada municipal en Bulleiros	32.899,44 €	0,00 €	32.899,44 €
SUBTOTAL OBRAS	142.792,14 €	0,00 €	142.792,14 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.447,14 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	45.447,14 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	142.792,14 €	0,00 €	142.792,14 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.447,14 €	0,00 €	45.447,14 €
TOTAL	188.239,28 €	0,00 €	188.239,28 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTALS	0,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios).

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.


5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

3.-PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015. DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 7 de decembro de 2015, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan de acción social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 8 de outubro de 2015 aprobou as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, que foron publicadas no BOP nº 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver que, mediante unha circular do 8 de outubro de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 9 de outubro de 2015, nº 2.499), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 256.689,92 euros.

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do PAS 2015, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a documentación que se indica en relación aos seguintes investimentos propostos:

1).- Memoria e prego de prescricións técnicas para a subministración con instalación denominada "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Concello de Carral.", redactados en decembro de 2015 polo enxeñeiro forestal e do medio natural D. Julio Calderón Carrero (colexiado 4.986).

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello con data do 4 de decembro de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

I. Autorizacións.

Tal e como indica o artigo 198 da LOUG as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do plan en vigor. Non precisa mais autorizacións sectoriais.

II. Supervisión técnica.

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

III. Obra completa.

A Renovación e ampliación de parque infantil no Campo da Feira en Carral. se considera como unha obra completa, sendo susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. "

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido o 4 de decembro de 2015 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello; a memoria económica específica asinada pola Alcaldía o 3 de decembro de 2015 (anexo IV); o informe emitido o 3 de decembro de 2015 pola Interventora do Concello, Noemí González Mato (anexo V); e o informe da Alcaldía xustificativo do carácter social do investimento (anexo VI).

2).- "Mejora de carretera municipal en Pedrido. Ayuntamiento de Carral", redactado en decembro de 2015 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapidó Rodríguez (colexiado nº 19.697).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello con data do 4 de decembro de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

I. Autorizacións.

Tal e como indica o artigo 198 da LOUG as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do plan en vigor. Non precisa mais autorizacións sectoriais.

II. Supervisión técnica.

Segundo o artigo 125 da Real Decreto Lexislativo 3/2011, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

III. Obra completa.

A Mellora da estrada municipal en Pedrido se considera como unha obra completa, sendo susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. "

Logo de ver, asemade, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido o 4 de decembro de 2015 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello; a memoria económica específica asinada pola Alcaldía o 3 de decembro de 2015 (anexo IV); o informe emitido o 3 de decembro de 2015 pola Interventora do Concello, Noemí González Mato (anexo V); e o informe da Alcaldía xustificativo do carácter do investimento (anexo VI).

Á vista da devandita documentación e segundo a base 5ª das que regulan o PAS 2015, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- "Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €


B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de estrada municipal en Pedrido	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

SUBTOTAL INVESTIMENTOS	OUTROS	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €
TOTAL		256.689,92 €	579,04 €	257.268,96 €

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
TOTAIS	0,00 E

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 11 de decembro de 2015 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.

DEBATE

A señora presidenta da sesión, a 1ª Tenente de Alcalde Dª Florinda Duarte Gerpe explica que na comisión informativa xa se espuxeron as obras que se propoñen e coida que se trata de dúas obras importantes e necesarias. Opina que o parque infantil existente é pequeno, anticuado, e está deteriorado e non cumpre a normativa actual, e que o Campo da Feira é usado por centos de persoas, polo que se pretende executar un parque infantil máis axeitado para os nenos, e outro no fondo da praza. En canto ao camiño cuxo arranxo se propón, explica que é unha vía de paso para a xente que vai andar, e que tamén dá acceso a unha oito ou dez casas.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) opina que, cando un e moderador, non debería formar parte do debate. En canto ao PAS, manifesta que se trata dun plan de acción social, e coida que o parque infantil proposto é unha necesidade e unha obriga. En canto ao asfaltado,





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

proposto, indica que "alucina", pois considera que, segundo as bases do plan, debería cumprir unhas condicións para considerarse dentro da finalidade de acción social, como que a vía que se pretende asfaltar leve a un centro de saúde, educativo ou cultural, ou que sexa usada frecuentemente pola poboación. Na súa opinión, a vía non cumpre ningún deses requisitos e non conduce a ningún deses lugares de interese, salvo que se considere coma tal a Panadería Mercedes. Así, pregúntase se non hai ningún outro proxecto de acción social para axudar aos veciños, en lugar de asfaltar.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que pensa, igual có señor Bergondo, que as bases esixen un alto índice de usuarios da vía, e que xa dirá a Deputación se pasa a obra solicitada ou non. En canto ao parque infantil, pregunta se o proxecto prevís un valado perimetral, pois opina que o existente non cumpre a normativa, xa que os listóns deberían ter unha separación máxima de 10 centímetros, e xa houbo nenos que quedaron atrancados neles. Manifesta que co proxecto xa se esgota o total da subvención da Deputación e pregúntase como se vai corrixir o erro no proxecto se o Concello non é capaz de investir nin un so euro.

A señora Duarte Gerpe contesta ao señor Bergondo que a sesión non é un debate nin unha tertulia, mais que a perdoe se quería dicir algo, pois non o viu. Recoñece que podería haber accións sociais máis urxentes, mais tamén explica que o goberno municipal considera a obra do camiño necesaria, e que entra na subvención, pois hai un escrito da Deputación que explica que proxectos poden engadirse, e este está entre eles sen ningunha dúbida. En canto ao valado do parque infantil, manifesta que, cando tal parque estea rematado, ten que cumprir a normativa.

O señor Bergondo indica á señora Duarte que se cinxa ao ROF e coida que, pida el ou non a palabra, a señora presidenta da sesión ten que preguntarlle se quere dicir algo. Manifesta que non viu no proxecto do camiño un informe técnico que avale que a obra entra nos baremos da Deputación. Asemade, reitera a pregunta que fixo na comisión informativa sobre se, no caso de que a Deputación rexeite o proxecto, perderanse eses cartos ou poderase presentar outro proxecto.

O señor Couto López coida que a señora Duarte non lle contestou, e manifesta que sabe que o parque terá que cumprir a normativa, pois ningún técnico asinará sabendo que pode ir á cadea. Indica que hai que corrixir xa o proxecto e pregunta que medidas vai adoptar o equipo de goberno tras detectar o erro.

A señora Duarte Gerpe explica que a proposta que se leva é arranxar o parque, e reitera que, cando estea feito, vai cumprir a normativa. En canto ao arranxo do camiño, explica que, se a Deputación rexeitase a obra, xa dirá por que, mais pregúntase por que o vai rexeitar se está dentro das bases. Indica que, se se producise o caso, xa se arranxaría, e opina que non hai que darlle agora máis voltas.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con seis abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e mixto, presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos :





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

1.- "Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación e ampliación de parque infantil do Campo da Feira de Carral	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de estrada municipal en Pedrido	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	220.278,81 €	0,00 €	220.278,81 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	36.411,11 €	579,04 €	36.990,15 €
TOTAL	256.689,92 €	579,04 €	257.268,96 €


2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
TOTAIS	0,00 E

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.
- 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.-PROPOSTA DE FIXACIÓN DAS TARIFAS DE APLICACIÓN AOS SERVIZOS URBANOS DE TAXI DO CONCELLO DE CARRAL.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 7 de decembro de 2015, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: *Proposta de fixación das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi do Concello de Carral*

Logo de ver a solicitude realizada por D. Antonio Veiras García, en nome e representación da Asociación de Taxis de Carral, con data do 15 de maio de 2014 (entrada no rexistro xeral do Concello o 26 de maio de 2014, nº 1.603), para a aprobación das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi do Concello de Carral.

Logo de ver a tramitación que seguiu a devandita solicitude, que se relata no apartado de antecedentes do informe emitido o 30 de setembro de 2015 pola técnica xurídica do Concello, Dª Sonia Campos Ares, que se reproduce integramente a continuación (e que serve de motivación de este acto, de acordo co establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común):

"DONA SONIA CAMPOS ARES, TÉCNICA XURÍDICA DO CONCELLO DE CARRAL, EMITE O SEGUINTE INFORME SOBRE A APROBACIÓN DAS TARIFAS DE AUTOTAXIS DO CONCELLO DE CARRAL.

ASUNTO: informe para a aprobación definitiva das tarifas de servizos urbanos de taxi.


I ANTECEDENTES

¶ Instancia con rexistro de entrada municipal nº 1603 do 26 de maio de 2014 presentada por Don Antonio Veiras García, en nome e representación da Asociación de Taxis de Carral, acompañada dun novo estudo económico onde se solicita se proceda á tramitación do correspondente expediente para a actualización das tarifas urbanas de taxi así como dunha solicitude asinada pola maioría dos titulares das licenzas de taxi de Carral para solicitar unha tarifa urbana para a súa aplicación mediante aparatos taxímetros e autorización a Don Antonio Veiras García para realizar as xestións necesarias para dita tramitación.

¶ Decreto da alcaldía 66/2015, do 23 de febreiro de 2015, onde se resolve incoar o expediente para a modificación das tarifas de servizos urbanos de taxi así como o procedemento a seguir e audiencia por prazo de quince días para presentar as consideracións ou alegacións oportunas.

¶ Remisión o 25 de febreiro de 2015 a Comisións Obreiras (RS 247), á Federación de Autónomos de Taxi de Galicia (RS 248), á Unión de Consumidores de Galicia (RS 249), á Confederación Intersindical Galega (RS 250) e á Unión Xeral de Traballadores (RS 251) comunicándolles a incoación do expediente e dándolle audiencia





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

por un prazo de quince días para presentar as alegacións ou consideracións oportunas á proposta de tarifas presentada.

¶ Notificación ao presidente da Asociación de Taxis de Carral, don Antonio Ramiro Veiras García, o 3 de marzo de 2015 (RS 269) do decreto da alcaldía no que se incoa o expediente.

¶ Escrito da Federación de Autónomos de Galicia do 2 de marzo de 2015, RE 498 do 4 de marzo de 2015, onde se informa favorablemente o decreto aprobado e as tarifas solicitadas.

¶ Escrito da Unión de Consumidores de Galicia do 5 de marzo de 2015, RE 584 do 10 de marzo de 2015, onde se manifesta que as tarifas se axustan ás previsións da normativa sectorial do transporte de persoas en vehículos de turismo mais onde se recomenda se exceptúen do cobro polo uso do maleteiro ademais das cadeiras para nenos e as cadeiras de rodas un vulto por cada pasaxeiro do vehículo.

¶ Anuncio de incoación do expediente para a modificación de tarifas de servizos urbanos de taxi exposto no taboleiro de anuncios do Concello dende o 25 de febreiro de 2015 ata o 24 de marzo de 2015.

¶ Informa da auxiliar responsable do rexistro do 6 de abril de 2015 das notificacións realizadas unha vez incoado o expediente e das alegacións ou sexestións presentadas nos quince días de audiencia.

¶ Escrito da alcaldía do 6 de abril de 2015, RE 435 do 7 de abril de 2015, á Asociación de Taxis de Carral dándolles traslado das alegacións ou suxestións presentadas pola Federación de autónomos do taxi de Galicia e pola Unión de Consumidores de Galicia por se quixesen axeitar a súa proposta inicial ás alegacións efectuadas.

¶ Escrito de don Antonio Veiras García, en nome e representación da Asociación de Taxis de Carral do 8 de abril, RE 849, onde se rexeitan as recomendacións efectuadas pola Unión de Consumidores de Galicia e continuar coa proposta inicial do 15 de maio de 2014.

¶ Remisión do expediente completo ao Consello Galego de Transportes (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) para que puiden emitir o preceptivo informe previo á aprobación definitiva e así poder elevar o expediente ao Pleno deste Concello.

¶ Certificado da secretaria da Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes onde se certifica que a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo acordou por maioría informar favorablemente as ditas tarifas coas advertencias recollidas no anexo do mesmo.

II LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros.
- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Lei 16/87, de 30 de julio, de Ordenación dos transportes terrestres.
- Ordenanza fiscal nº11 reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer.
- Ordenanza reguladora do servizo de vehículos de aluguer con aparato taxímetro.

III INFORME

Por parte de Don Antonio Veiras García, con DNI 32.819.997-D e en nome e representación da Asociación local de taxis de Carral, con data do 26 de maio de 2014 (RE 1603), preséntase solicitude acompañada de estudo económico para que por parte desta administración se incoe o expediente pertinente para proceder á revisión das tarifas de autotaxis que repercutirán dentro dos límites do Concello de Carral. O interese de dita revisión está motivado na necesidade do colectivo de colocar un aparato taxímetro nos taxis trala demanda da maioría dos titulares de licenzas de taxi do concello. O obxectivo principal é a mellora do servizo que se presta ao clientes, a uniformidade no cobro e a veracidade do mesmo.

480	29/10/2015	Asunto: Aprobación certificación nº 7 e final da obra "Reforma de local social para Casa da xuventude" ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra.
481	29/10/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca María José Llamas Varela (EXP. LP 47/15)
482	29/10/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Nieves Sanjurjo Fontán (EXP. LP 48/15)






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

483	03/11/2015	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos persoais (art. 76.3 T.R. Lei de función pública de Galicia) o día 5 de novembro de 2015.
484	06/11/2015	Convocatoria X.G.L. 6/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (09/11/2015).
485	06/11/2015	Asunto: Solicitud a Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a realización da Escola de Verán 2015 ao abeiro da Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria no ano 2015.
486	06/11/2015	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (novembro de 2015)
486 bis	06/11/2015	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.
487	10/11/2015	Asunto: Resolución expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 5/2015)
488	10/11/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas -(abril e outubro de 2015)
489	10/11/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia - (abril e outubro de 2015)
490	11/11/2015	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por Construcciones Lema Martínez, S.L., coma adxudicatario do contrato da obra "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Re-Comercial na Praza da Capela".
491	12/11/2015	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (novembro de 2015)
492	12/11/2015	Asunto: Aplicación ao Concello de Carral de medidas do Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía.
493	12/11/2015	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.9/2015, Transferencia de crédito mesmo grupo de función 3/2015.
494	13/11/2015	Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento de factura nº 46/30-10-2015 Rebeca Rivera Sar.
495	17/11/2015	Convocatoria X.G.L. 7/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (18/11/2015).
496	17/11/2015	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con minusvalidez D. José Antonio Bao Espiñeira.
497	17/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero, S.L. (EXP. LP 50/15)
498	17/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Demetrio Ínsua López (EXP. LP 49/15)
499	17/11/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 24/2015)
500	18/11/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 22/2015
501	18/11/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 25/2015
502	18/11/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 26/2015
503	19/11/2015	Convocatoria Pleno 6/2015 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria (23/11/2015).
504	19/11/2015	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos particulares (art. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia) os días 20 e 30 de novembro de 2015.
505	19/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Enrique Luis Noya Botana (EXP. LP 51/15)
506	19/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Gonzalo Candal Sanjurjo (EXP. LP 52/15)
507	19/11/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 24/2015
508	20/11/2015	Asunto: concesión de anticipo de caixa fixo 3/2015
509	23/11/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 25/2015)





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.:

510	23/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Isabel, M ^a Josefa, M ^a Dolores e José E. Gende Pérez (EXP. LP 53/15)
511	23/11/2015	Asunto: Solicitud de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, do documento elaborado por Estudio Técnico Gallego, S.A. con data de novembro de 2015, correspondente á "Modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral no ámbito do Campo da Feira".
512	24/11/2015	Asunto: Aprobación nóminas de novembro de 2015, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 18/2015
513	25/11/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Alberto Veleiro Vidal (EXP. LP 54/15)
514	26/11/2015	Asunto: Aprobación e pagamento á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia de taxa xeral de operadores, establecida pola Lei 32/2003, Xeral de Telecomunicacións (cota de 2009 e xuros de mora)
515	26/11/2015	Asunto: Resolución expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 14/2014)
515 bis	26/11/2015	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.
516	27/11/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrència) a D. Jesús Garaboa.
517	01/12/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio Cañas Louro (EXP. LP 55/15)
518	01/12/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Manuel Otero Ferreiro (EXP. LP 56/15)
519	01/12/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Joaquín del Moral Crespo e outros (EXP. LP 57/15)
520	01/12/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . Pilar Cañas Andrade (EXP. LP 58/15)
521	01/12/2015	Convocatoria X.G.L. 8/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (02/12/2015).
522	02/12/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio García Núñez (EXP. LP 59/15)
523	02/12/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrència) a D ^a . Emilia Roca Pérez.
524	02/12/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrència) a D. José Quiroga Veiga.
525	02/12/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrència) a D. Jesús Cabanas Gómez.
526	07/12/2015	Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 3/2015 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria (11/12/2015).
527	07/12/2015	Convocatoria X.G.L. 9/2015 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria (09/12/2015).
528	07/12/2015	Asunto: Aprobación e pagamento á Deputación Provincial da Coruña de taxa de "autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais" por traballos de acondicionamento de vías municipais ("Mellora de estrada municipal en Bulleira", POS 2016) que afectan á estrada DP 1704, en Bulleira, no termo municipal de Carral.
529	07/12/2015	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (decembro de 2015)
530	07/12/2015	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (novembro de 2015)
531	09/12/2015	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumideiros-depuración- canon da auga 2º trimestre 2015
532	10/12/2015	Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento factura 13/2015 José Freire Otero (aluguer apartamento Programa de Voluntariado Europeo do Programa Erasmus (Expediente 2015-ES02/F))
533	10/12/2015	Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento de factura nº 47/30-11-2015 Rebeca Rivera Sar.
534	11/12/2015	Convocatoria Pleno 7/2015 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria (15/12/2015).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

7.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

A señora presidenta da sesión pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais do mixto e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

7.1.- Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) para a creación do novo ROM por parte dos concelleiros.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

“ O Concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN para a creación do novo ROM por parte dos concelleiros**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases da Réxime Local (Lei Base de datos), establece no Capítulo II do título II a organización básica dos concellos. Tódolos temas abordados neste capítulo deben ser considerados como configuradores da estrutura mínima ou básica de organización e, polo tanto, deben ser recollidos fielmente no regulamento Orgánico de cada concello, coas adaptacións que son precisas e xuridicamente viable debido á súas circunstancias particulares.

O Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro, completa o **deseño organizativo anterior**, coas reservas derivadas da súa posición **subsidiaria ordinamental na xerarquía das fontes do réxime local**. Segundo a sentenza do Tribunal Constitucional de 21 de decembro, 1989 **estableceuse que, tralas normativas básicas da Lei 7/85 de 02 de abril, ten prioridade a lexislación das comunidades autónomas e, a continuación, o ROM, deixando o ROF como unha regra estándar de segundo grao.**

O ROM, no noso concello, está derogado dende a súa publicación no BOP Nº 173 de 10-09-2015 (Xa fai mais de dous meses disto).


Dende q aprobamos a derogación en pleno, O concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral, xa se reuniu dúas veces co noso Alcalde preguntándolle en ambas polo tema. A súa resposta en ambos casos foi a mesma: "Xa lle cofiei esa labor o Secretario do Concello e a nosa Xurídica...". Este traballo non foi empezado por ninguén debido a carga de traballo destes empregados.

A creación dun ROM non debe ser unha tarefa do persoal do concello. É unha labor que debe ser levada a cabo polos propios membros da corporación municipal, xa que é a nos a quen nos incumbe totalmente esa normativa. Podemos e debemos estar asesorados polo persoal xurídico do concello para que o traballo a desenrolar se axuste totalmente as leis

ACORDOS

Primeiro.- O Pleno do Concello de Carral insta ao goberno municipal a facer o novo Regulamento Orgánico Municipal.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

Segundo.- Crear un equipo de traballo formado por concelleiros dos tres partidos que están na corporación municipal, sendo este un traballo non remunerado".

Sometida pola Señora presidenta da sesión a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) explica que o ROM é o regulamento orgánico de funcionamento do Concello, e que o existente anteriormente foi derogado porque non se axustaba á lexislación actual, polo que agora pasamos a rexirnos polo ROF. Lembra que o señor Alcaide xa dixo hai bastante que ía facer un novo e deixou a tarefa en mans dos funcionarios, mais opina que debe ser un traballo non so dos funcionarios, senón tamén dos políticos, e daí a súa proposta.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que está a favor da proposta, que lle parece encomiable, pois o regulamento é necesario, e opina que, se non, non se vai facer, pois lembra que xa se dixerá que ía estar preparado en decembro (o señor Cetina Mochales (grupo municipal do PsdeG-PSOE) lembra que xa se dixerá no anterior mandato).

A señora Duarte Gerpe indica que o seu grupo vai votar a favor da moción, mais que se poden poñer a traballar cando queiran. Manifesta que, non antes das festas, se convocará con tempo a un membro de cada grupo para tal labor.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida pola señora presidenta da sesión a votación a moción presentada polo grupo mixto, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- O Pleno do Concello de Carral insta ao goberno municipal a facer o novo Regulamento Orgánico Municipal.
- 2.- Crear un equipo de traballo formado por concelleiros dos tres partidos que están na corporación municipal, sendo este un traballo non remunerado.

7.2.-Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) para a creación dunha brigada de voluntarios para erradicar a Vespa Velutina.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"O Concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN para a creación dunha brigada de voluntarios para erradicar a Vespa Velutina**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

dado o problema que temos no país por mor da vespa velutina, que esta a mitigar a poboación de abellas





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

e os perigos que esta especie conleva para os veciños, xa houbo casos de ataques a persoas.

Dende asemblea cidadá de Carral creemos importantísimo facer unha ardua loita para o control desta especie invasora, e empezar a facelo dende xa, antes de que chegue a primavera e a consabida proliferación dos novos niños.

Habendo xente no noso concello sensibilizada con esta causa e desexosa de poder axudar:

ACORDOS

Solicitar impulsar dende o concello unha brigada de voluntarios e empezar a preparala dende agora, para que cando chega a primavera de 2016 esteamos preparados dende o principio para erradicala."

Sometida pola Señora presidenta da sesión a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

DEBATE

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) explica que, como xa se indicou nas charlas habidas ao respecto, esta vespa é unha praga neste Concello e nos límites. Engade que agora están a hibernar, e que non se pode esperar a que na primavera cree novos niños, polo que, vendo que TRAGSA non dá feito, en lugar de criticala propón crear unha brigada de voluntarios para erradicala.


O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo apoia a moción, pois se trata dun problema medioambiental moi importante, pois a vespa mata ás abellas, que son fundamentais para o futuro do planeta. Indica que, aínda que, na súa opinión, o papel de TRAGSA é lamentable, pois levan máis de quince días sen retirar niños, non é só culpa dela, e que a Xunta de Feijóo está a pensar a ver se as vespas marchan elas soas a China. Engade que o seu grupo quere facer unha emenda á moción, de xeito que o Concello se comprometa a achegar os medios materiais e económicos necesarios, coma por exemplo un guindastre elevador, que custa uns 600 €, pois que iso fose sufragado polos voluntarios lle parecería "de coña". Así, engade que se debería esixir xa á Xunta de Galicia que se traballe para solucionar este grave problema, e que o Concello debería apoiar á brigada económica e materialmente.

A señora Duarte Gerpe manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción, e que o Departamento de Medio Ambiente do Concello pode coordinar os traballos. Engade que se fará público para anotarse á brigada e a cursos que se poidan impartir ao respecto. Agradece a iniciativa, pois coida que é importante atallar o problema o máis pronto posible, e explica que a Deputación vai dotar ao Concello para traxes e materiais.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida pola señora presidenta da sesión a votación a moción presentada polo grupo mixto, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, (xunto coa emenda presentada de viva voz polo grupo municipal do PSdeG-PSOE) adoptando os seguintes acordos:





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

Impulsar dende o Concello unha brigada de voluntarios e empezar a preparala dende agora, para que cando chega a primaveira de 2016 esteamos preparados dende o principio para erradicala, comprometéndose o Concello a achegar os medios materiais e económicos necesarios, e esixir xa á Xunta de Galicia que se traballe para solucionar este grave problema.

7.3.-Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) para a conservación e rehabilitación dos roteiros do noso concello.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O Concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN para a conservación e rehabilitación de roteiros do noso concello**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como a Asemblea Cidadá de Carral xa recolleu no seu programa, o cal foi feito polas apartación dos veciños que ou ben se achegaron a unha das asembleas ou ben deixaron a súa proposta nalgún dos moitos buzos que puxemos por distintos lugares do concello, debemos respetar e coidar a natureza, o noso entorno e patrimonio.

Xa é por todos coñecido que o noso concello conta con numerosos roteiros creados para o disfrute da nosa contorna; como ben o concello publicita na súa paxina web, ou na aplicación do móbil, feita este ano como sitios turísticos

Temos unha contorna natural envexábel, pero desatendida na súa conservación por parte dos responsables. En Carral facemos as cousas e déixanse de lado co paso do tempo, e por desgraza non ten que pasar moito tempo... O roteiro mariñán é un destes exemplos

ACORDOS

Primeiro, *Facer unha limpeza e rehabilitación dos sinais que conducen por eles.*

Segundo, *Reparación de elementos que forman parte das rutas e que forman parte do noso patrimonio como son: A Fonte de Santa Rosa ou a fonte de Paleo."*

Sometida pola Señora presidenta da sesión a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) opina que os roteiros turísticos se atopan en mal estado, que os sinais non se ven, e que neles hai maleza. Propón que se sometan a unha limpeza, e que sexan publicitados na páxina web e na aplicación para móbiles.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) considera que a falta de mantemento é xeral en todo o concello de Carral, coma por exemplo nos roteiros ou os muíños e, por iso, espera que a moción non "caia en saco roto".





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

A señora Duarte Gerpe explica que o Concello está a traballar na limpeza e sinalización dos roteiros, e que se está a tentar melloralos, mais que non se dá feito.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida pola señora presidenta da sesión a votación a moción presentada polo grupo mixto, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Facer unha limpeza e rehabilitación dos sinais que conducen polos roteiros do concello de Carral.
- 2.- Reparación de elementos que forman parte das rutas e que forman parte do noso patrimonio como son: A Fonte de Santa Rosa ou a fonte de Paleo.

7.4.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a mellora dos pasos de peóns existentes no Concello de Carral, en especial os situados no núcleo de Carral e Tabeaio, e en concreto os situados na estrada N-550.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Mellora dos pasos de peóns existentes no Concello de Carral, en especial os situados no núcleo de Carral e Tabeaio, e en concreto os situados na estrada N-550.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O escaso mantemento e en algún dos casos un mal deseño, xunto cunha mala iluminación da vía pública fai que os pasos de peóns situados na vila de Carral e no pobo de Tabeaio que atravesan a N-550 poidan ser considerados perigosos e xa se deron lamentablemente varios accidente con atropelos no propio paso e con resultado mínimo de feridos e con desenlace fatal tamén.

En xeral en todo o Consello a situación do mantemento da sinalización horizontal e vertical viaria e deficiente ou moi deficiente, pero no caso da N-550 a situación é alarmante e de extremada urxencia actuar nela, debido a grande circulación de vehículos e a consideración de avenida ou rúa tanto no caso de Carral, como de Tabeaio, o que fai que o cruce de peóns nesta vía sexa continua, unindo a existencia de centros escolares, comercio e servizos na súa contorna.

Como casos particulares e de extrema urxencia actuar temos:

Paso de peóns á altura do CPI Vicente Otero, presenta necesidade de novo pintado, falta de iluminación que se debe mellorar e regulación engadida con semáforos de demanda ou pulsador ante a alta velocidade dos vehículos na entrada da vila e o uso do paso por parte dos cativos, sería bó contar cun control de velocidade engadido.

- segue fotografía-

Paso de peóns á altura do Supermercado Eroski (rúa Paraiso), de novo a falta de pintura e o mal estado da sinalización vertical e patente, pero o peor deste paso é o seu fatal deseño que fai que o peón non sexa visto polo conductor cando intenta atravesar a vía, xa que non ten unha barbacana de aproximación á





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

calzada e este sae do medio dos vehículos estacionados, a imaxe non deixa dubida no lado dereito

- segue fotografía-

Débesse mellorar a iluminación, pintado e sobre todo facer a **barbacana** de aproximación (axúntase croquis) e limitar o aparcadoiro no seu entorno para permitir a **visión mutua** de peón e conductor.

-segue croquis-

O resto dos pasos de peón de Carral e Tabeaio necesitan un repintado e mellora da sinalización tanto horizontal como vertical.

E por último é necesario dotar o entorno do no IES de Carral dun lugar de cruce seguro para os mozos e mozas que estudan no mesmo, e non se vexan obrigados a ter que subir ata a praza da Capela para atravesar ó lado contrario do IES. Este paso de novo debería estar dotado de semáforos e control de velocidade. Non sería descartable a utilización dunha pasarela peonil.

Por todo o anterior, e para garantir unhas condicións de seguridade os peóns e minimizar o risco de accidente, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

Primeiro, O Concello de Carral comprométese a realizar pola vía de urxencia as obras, instalacións e mantementos necesarios para dotar os pasos de peóns antes referidos dunhas condicións axeitadas de seguridade e evitar o risco de accidente ou atropelo, segundo o expresado nos párrafos anteriores.

Segundo, dado o carácter de urxencia das actuacións, e o escaso importe das mesmas (obras e instalacións menores), en caso de que o titular da vía non se preste á realizalas serán executadas polo Concello de Carral.

Terceiro, dotar dun paso de peóns seguro no entorno do IES de Carral, e rematar coas normas "peculiares" de acceso ó centro en coordinación coa dirección do mesmo.

Cuarto, realizar de forma inmediata e periódica o mantemento e conservación da sinalización viaria, vertical e horizontal das estradas e camiños do Concello.

A señora 1ª Tenente de Alcalde Dª Florinda Duarte Gerpe, presidenta da sesión, indica que xa lle contestou máis ou menos nun punto anterior.

Sometida pola señora presidenta da sesión a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), co voto de calidade da señora presidenta da sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

A señora Duarte Gerpe opina que a moción non procede e indica ao señor Couto que ten á súa disposición todos os expedientes na materia para velos.

O señor Couto López opina que hai que poñerse xa a resolver o problema, pois se trata de poucos cartos para mellorar a seguridade das persoas, e opina que seguro que o Ministerio de Fomento o aplaudiría.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

7.5.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a utilización do local social de As Travesas como albergue ou refuxio temporal de peregrinos. .

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Utilización do local social de As Travesas como albergue ou refuxio temporal de peregrinos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A recente construción do albergue de peregrinos no camiño inglés no lugar de Sergude, demostrou que foi un fallo total de planificación do Xacobeo co beneplácito do Concello de Carral, que pon a disposición uns terreos que contaban cunha pista polideportiva a cal foi destruída e polo tanto os veciños perderon un servizo e si non se mobilizan no seu día perderían tamén o local social. O albergue de Sergude ten escasas pernoctacións e polo tanto escaso uso, xa que se atopa a escasos 15 km do inicio do Camiño e so recolle o ramal da Coruña, non o de Ferrol (que se une preto das Travesas).

En cambio, precisamente nas Travesas sería necesario o albergue, que ademais contaría cun entorno fantástico, dada a fermosa carballeira existente. Despois de subir a forte pendente ata As Travesas o peregrino xa leva preto de 30 km nas pernas, e este si, sería o lugar para ubicar o Albergue e non Sergude.

Dada a existencia nesta carballeira das Travesas do local social, que a día de hoxe está infrutilizado, a fin de dar servizo os camiñantes, que so contan como alternativa co albergue de Hospital de Bruma, que habitualmente está cheo.

Por todo o anterior, e para dar un novo servizo os peregrinos e dinamizar a aldea das Travesas, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

Primeiro, O Concello de Carral dotará o centro social de as Travesas de elementos mínimos para que os peregrinos poidan pasala noite cunhas condicións básicas.


Segundo, unha vez dotado o centro social con elementos sempre reversibles para que poidan convivir o uso puntualo de albergue co habitual de local social, este se poñerá a disposición dos camiñantes que así o necesiten e carezan de alternativas posibles.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que o lugar onde está o albergue de Sergude á inaxeitado para a súa finalidade e que habería que dar unha oportunidade aos peregrinos cando soben o Monte de San Bartolomé.

A señora Duarte Gerpe explica que o local social das Travesas está a ser reparado, e coida que o albergue de Sergude está a funcionar ben onde está. Indica que naquel local os peregrinos sempre puideron durmir con sacos, e que hai un tempo que non o fai ningún, porque non o pediu ningún, e porque están a melloralo, mais que despois de rematar os traballos poderán usalo, igual que calquera outro local social.

O señor Couto López replica que iso non foi o que lle dixeron nas Travesas.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

Sometida pola señora presidenta da sesión a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), co voto de calidade da señora presidenta da sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

8.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que María Mercedes Liñares Rodríguez solicitou o 24 de outubro de 2015 unha copia dun informe do SEPRONA, e que está a agardar unha resposta. Pregunta se vai haber e en canto tempo e indica que, se a señora Duarte Gerpe non pode respostar agora, o faga por escrito.

2.- Pregunta á señora concelleira de Cultura cando vai estar á disposición da veciñanza a información sobre o uso e disfrute dos distintos edificios públicos municipais.

A señora Ramilo Varela (señora concelleira de Cultura) que se está a permitir tal uso e que non se lle negou a ningún.

O señor Bergondo Trillo explica que ao que se refire é a facer pública para a veciñanza a información para saber que usos se poden dar por exemplo ao Toñito Espiñeira ou ao Antón Fraguas.

3.- O señor Bergondo Trillo indica que existe unha liña de axudas da Deputación contra a herba da Pampa e pregunta se se realizou algunha actuación ao respecto. Por outra banda, se se permite o uso dun herbicida de grande toxicidade, pregunta se existe xente preparada no Concello para aplicalo.


O señor Montes Martínez (concelleiro de maedio ambiente) resposta que hoxe non pode darlle unha contestación, mais indica que quizais se poida cortar as prantas na época axeitada para erradicar a semente, como se está a facer noutros concellos.

4.- O señor Bergondo Trillo indica que ten unha cuestión para o Alcalde, e que non sabe se a señora Duarte Gerpe lla pode respostar. Indica que vén bastante a miúdo ao Concello para ver decretos e que no 441/2015, do 1 de outubro deste ano, se fai referencia a un informe do "5 de novembro de 2015" e ao ano "20125". Considera que o decreto foi redactado e corrixido por alguén e reconece que todos somos humanos e cometemos erros, mais pregunta se, para correxilos, ten que facer un escrito informando do erro que detectou, como lle indicou o Secretario, ou a emenda debería facerse "de por si".

A señora Duarte Gerpe resposta que acaba de facer algo que non fixo no punto da orde do día de dación de conta de decretos, pois, se observou un erro, podía indicalo e o decreto corrixese.

O señor Bergondo replica que non, que o decreto segue igual, ao que a señora Duarte Gerpe resposta que acaba de mencionalo no Pleno, e que é como se nas actas observa un erro por un "corta-pega". Engade que xa queda recollido na acta, e que xa está, ao que o señor Bergondo indica que entende que entón xa non ten que facer un escrito ao Alcalde.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

A señora Duarte Gerpe indica tamén que o da herba da Pampa é un problema, e que no Consorcio se está a ver que medidas se poden adoptar para erradicala, pois non é fácil. Engade que a técnica de medio ambiente do Concello tamén está a estudar o asunto, e que algunhas prantas se cortan e rebrotan, polo que quizais haberá que adoptar unha solución máis drástica.

No tocante aos locais sociais, a señora Duarte Gerpe indica que todos están á disposición da xente que os queira usar, mais que hai que ter en conta que, por exemplo, para que usen a parte de abaixo do Toñito Espiñeira cinco ou seis persoas, non hai persoal suficiente para vivir as oficinas e o arquivo que se atopan no edificio, e que, por tanto, para reunións de ata dez ou doce persoas, está a disposición o edificio Antón Fraguas. Así, indica que, en función do número de persoas que vaian participar, se pode valorar que espazo se pode deixar, para evitar os problemas de control.

A señora Ramilo Varela engade que os locais sociais non se denegan e que, se a Casa de Cultura se denega, non é por capricho. Explica que, por exemplo, hai pouco pediron usala para levar a nenos a ver películas, ou que deixaron o local para que uns 20 nenos puidesen facer un traballo para o colexio, mais que ao final só foron catro ou cinco. Opina que, por exemplo, as películas que traían nun pen-drive podían velo nunha casa, e engade que o local non é do equipo de goberno, polo que deben valorar os técnicos cando é necesario cedelo e cando non.

O señor Bergondo replica que non bota en cara que rexeitasen cedelo, se non que desexa saber se se publicou a normativa para o seu uso, ao que a señora Ramilo varela resposta que, de momento, non existe tal normativa.

A señora Duarte Gerpe indica que, en canto á solicitude da cidadá pola que preguntou o señor Bergondo, comentaralla fóra do Pleno.

8.2-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto López manifesta que existe moita tardanza do Concello para a entrega de documentos cando os piden os grupos políticos, superando de lonxe o tempo establecido na normativa para iso, mais que o que lle estraña é que lle fagan o mesmo aos veciños. Así, indica que María Mercedes Liñares tivo un problema cunha licenza e solicitou no seu día uns documentos ao respecto, e pregunta cando se lle van entregar.

2.- O señor Couto López lembra que en setembro se aprobou unha moción para solicitar máis médicos ao Sergas para o Centro de saúde de Carral, e pregunta que xestións se fixeron ao respecto, e que contestou o Sergas.

3.- En relación á cuestión de "Cidades Refuxio" tamén pregunta que pasos se deron e que contestou o Estado.

4.- Opina que a reclamación de Varinca pode "facer desaparecer do mapa Carral" e pregunta en que estado se atopa a súa tramitación, se xa hai sentenza e que se vai facer con esta demanda millonaria.

5.- Manifesta que no, ao seu xuízo demoledor, informe da Xunta de Galicia sobre o PXOM, se critica por exemplo a UA5, e o feito de promover edificios en altura en zonas lindantes co rural. Pregunta como está esa modificación do PXOM e se se vai tentar aprobar antes da modificación da LOUGA.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

6.- Indica que aínda non souberon nada dos orzamentos para 2016 e pregunta se se van prorrogar os actuais ou se van facer novos, e neste caso, cales van ser as liñas xerais dos novos. Por outra banda, pregunta se hai desviacións no presente exercicio e se vai haber déficit en 2015.

7.- Manifesta que se licitou o proxecto da Travesía de Coiro e quere saber como o aprobou o Concello pois, ao seu xuízo, é inviable e agora haberá que facer modificados pola Deputación para arranxalo.

8.- pregunta cando entran en funcionamento as pistas de pádel.

9.- Indica que hai problemas coas pólas dos castiñeiros á beira do instituto e pregunta se, coas rachas de vento deste días, se vai esperar a que haxa un accidente para arranxar o problema.

10.- Lembra que solicitou hai dous meses o plan decenal de EMALCSA ata 2015, que xa venceu, e non llo deron, aínda que hai un mes EMALCSA lle dixo que o mandaban ao Concello.

8.3-Rogos e preguntas da señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- A señora Blanco Fidalgo expón que hai quince días chamou ao colexio e non lle colleron o teléfono, e que, logo de presentarse alí, foi o cociñeiro quen lle abriu a porta, pois lle dixeron que non estaba o conserxe. Pregunta como se vai solucionar o problema pois, se hai unha emerxencia, non hai forma de contactar co centro.

8.4.- Respostas da señora Duarte Gerpe (1º Tenente de Alcalde e presidenta da sesión, por ausencia do señor Alcalde)

A señora Duarte Gerpe indica que algunhas das preguntas non as poderá contestar.


En canto ao conserxe do colexio, explica que tivo que ir ao médico por un asunto particular, e que, como xa non hai auxiliar administrativo, falou coa directora do centro para que se cubra puntualmente a ausencia do conserxe con outra persoa. A señora Blanco Fidalgo reitera a pregunta de como se pode poñer en contacto co colexio en xeral, non só cando falta o conserxe, se non é a través do móbil da directora, e engade que plantexou que puxesen un teléfono na sala de profesores e que lle contestaron que non era o seu labor. A señora Duarte Gerpe resposta que entende o que di, e que falará coa directora para que tome medidas, como que soe o timbre na sala de profesores ou poñer outro número de teléfono fóra.

En relación ao que pregunta o señor Couto sobre EMALCSA, contesta que non o sabe, mais que, se tivese preguntado por escrito, xa tería contestación, pois ella non controla todo o que pasa. En calquera caso, manifesta que llo trasladará ao Alcalde para que lle poida contestar.

En canto aos castiñeiros da parte traseira do IES, indica que está contratada unha empresa para facer as cortas precisas. O señor Couto pregunta se se fará neste Nadal, ao que a señora Duarte Gerpe resposta que está previsto que o fagan pronto, antes de que recomece o curso, pois é urxente. Engade que tamén se vai reforzar a iluminación na zona estes días. O señor Montes Martínez puntualiza que o que se vai cortar son as pólas secas e non as árbores enteiras.

En canto á pista de pádel, a señora Duarte manifesta que non ten nada que dicir de momento, e o señor Regueira Moar (concelleiro de deportes) engade que se está a buscar financiamento para cubrilas e para poder facer unha pista de minibasket e de minifútbol-sala. (O señor Couto pregunta se vai ser coma a de San Vicente, sobre a que di que hai moitas queixas).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

En relación á travesía de Coiro, a señora Duarte manifesta que descoñece a súa problemática, e que lla trasladará ao señor Alcalde.

En canto ao orzamento, a señora Duarte explica que se está elaborando o seu borrador, que está avanzado, e que, en canto se poida, en xaneiro ou febreiro, se someterá á comisión informativa, e que en xaneiro se producirá a prórroga automática do actual.

O señor Couto reitera a pregunta de se hai algún dato sobre o estado de execución do orzamento de 2015, ao que a señora Duarte contesta que tamén poderán ver o estado de execución do orzamento de 2015 na seguinte comisión informativa, cando se leve o tema, e que, aínda que se tenta facer un control do gasto, haberá partidas que consumen máis ou menos. (O señor Couto replica que a situación do Concello non di iso).

En relación á tramitación do PXOM, a señora Duarte manifesta que non ten coñecemento, dende que o trasladaron á Xunta de Galicia.

No tocante a Varinca, a señora Duarte lembra que, cando din que vai afundir o Concello, xa se falou máis veces, non con eles, mais si cos seus compañeiros de partido no mandato anterior. Explica que o Concello non vai ter que indemnizar con millóns, e que xa veu a sentenza, mais está pendente de que o xuíz comunique ao Concello de que parte se ten que facer cargo. O señor Couto manifesta que se trata dunha demanda por danos e prexuízos do promotor, e que na sentenza, segundo lle dixo a técnica xurídica do Concello, hai unha condeza en custas e en canto á diferenza do valor dos terreos entre 2007 e agora. Pregunta en que situación está o expediente e canto vai haber que pagar. A señora Duarte reitera que está pendente a decisión do xuíz, e que aínda non se comunicou, mais que o Concello terá que devolver a licenza de obra, ao que o señor Couto resposta que lle parece increíble que se trate este asunto con tanta frivolidade.

A señora Duarte pide que lle deixen contestar seguido, non como se estivesen nunha cafetaría, e reitera que o que lles consta (epoden dicirille os técnicos), é que o Concello haberá de devolver a licenza de obra, e que a diferenza do valor do solo aínda non está resolta, o que non ten que ver coa cantidade que pediu o promotor. Engade que, se hai que devolver o valor da licenza e non fixo o edificio en tempo, serán uns cen ou cento vinte mil euros, e o Concello ten un seguro de responsabilidade civil que cubre até tres millóns de euros, e non vai pagar nada á promotora polo que non fixo porque non quixo.

En canto ao asunto das cidades refuxio e a solicitude ao Sergas, a señora Duarte Gerpe tamén resposta que non lle pode contestar.


8.5-Rogos e preguntas do señor Orgeira Campelo (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Orgeira Campelo pregunta se está previsto poñer persoal no campo de fútbol para abril, pechalo e controlalo, pois onte veu as bancadas cheas de cervexas.

A señora Duarte Gerpe resposta que non sabe desa problemática, mais que o Concello non pode contratar a xente, e que quen colle as chaves ha de facerse responsable sen necesidade de poñer vixilancia.

O señor Orgeira replica que noutros sitios se toman os datos dos interesados, e o señor Regueira Moar (concelleiro de deportes) reitera que cada un ten que facerse responsable no campo de fútbol e tomalos. O señor Orgeira pregunta se a UD Carral é tamén responsable do que faga o





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

equipo visitante, ao que o señor Regueira Moar resposta que, coma nos casos das peñas de fútbol, antes de marchar ten que mirar se todo está ben.

A señora Duarte Gerpe reitera que hai que falar e mirar para logo xuntarse e tomar medidas no seu caso, e que cada persoa que leva a chave é responsable de todo o que pasa.

O señor Orgeira engade que vén xente de fóra, e que, ás veces, as competicións acaban "de mal gusto" e pasan cousas que non deben, polo que cómpre evitar que se pase a maiores.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 34 minutos, a Señora presidenta remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de corenta e catro páxinas numeradas do un ao corenta e catro, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouríño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval